



Nota de prensa

EROSKI E AVIA CONSOLIDAN O SEU ACORDO DE EXPANDIR OS SUPERMERCADOS EROSKI RAPID NAS GASOLINEIRAS DO OPERADOR PETROLÍFERO

- Actualmente son 13 as franquías EROSKI RAPID en estacións de servizo AVIA
- Trátase de supermercados de conveniencia onde o consumidor dispón dun amplo horario todos os días do ano
- Para este ano prevese abrir arredor dunha decena deste tipo de establecementos en gasolineras AVIA
- Consólidase a expansión do modelo EROSKI RAPID

Elorrio, 19 de abril do 2021.- [EROSKI](#) e [AVIA](#) consolidan o seu acordo de expansión dos supermercados franquizados coa insignia EROSKI RAPID nas gasolineras do operador petrolífero AVIA logo de cumprir un ano dende a posta en marcha deste convenio cun balance máis ca positivo. Dende que ambas as dúas empresas comezaron a súa colaboración abríronse 13 tendas nas estacións AVIA repartidas por todo o país. Para este 2021 prevese a apertura doutras 13 novas franquías.

"Facemos un balance moi positivo neste ano de andaina xunto cun dos principais operadores petrolíferos con proxección nacional. Grazas a este acordo podemos seguir medrando a carón deles, sempre á vangarda en entender a evolución das necesidades do cliente", sinalou Enrique Martínez, director de franquías EROSKI.

"Estamos moi ledos do que conseguimos durante este primeiro ano e por iso queremos seguir colaborando e contar con toda a experiencia, saber facer e forza dunha das marcas líderes en alimentación a nivel nacional", explicou Mikel Arrien, Director de Negocio de Estacións de Servizo de AVIA.

Os establecementos que operan baixo a insignia EROSKI RAPID ofrecen un modelo comercial adaptado a pequenas tendas, de ata uns 140 m², en áreas moi urbanas e en zonas turísticas e con alta densidade de poboación e en Estacións de Servizo próximas a zonas urbanas ou en puntos estratéxicos de paso. Un deseño que trata de lle dar resposta a un consumidor que precisa realizar compras de conveniencia, moitas veces para responder a necesidades non previstas. Cun amplo horario de apertura, todos os días do ano, os consumidores poden atopar ata 4.500 referencias, amais dun forno propio para ofrecer sempre pan fresco, bolería e unha zona de café.

Os socios do Club AVIA poderanse beneficiar de vantaxes ao faceren a súa compra EROSKI RAPID nas estacións AVIA, acumulando un 5% do importe da compra na súa tarxeta Club AVIA que poderán descontar na súa seguinte compra ou repostaxe en toda a rede AVIA.

Este acordo consolida a expansión do modelo de conveniencia EROSKI RAPID, que xa alcanza 28 tendas e prevé abrir no 2021 unha decena de tendas máis e seguir

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



apostando por esta oportunidade de mercado arredor da conveniencia e dos hábitos de consumo de compra rápida, fácil e de impulso.

Expectativas cumpridas en tempos de pandemia

As vendas das tendas EROSKI RAPID en estacións de servizo cumpriron o esperado durante a situación de pandemia, cando a afluencia ás estacións de servizo diminuíu. *"En primeiro lugar, dende o comezo da pandemia a nosa prioridade foi asegurar, na medida do posible, un contorno seguro para os nosos clientes e equipos. Ademais, melloramos o noso servizo e adaptámonos máis ca nunca ás necesidades dos nosos clientes. Xa que logo, aumentamos a subministración de produto local e garantimos a subministración dos produtos de maior demanda, que adoitan ser snacks, bebidas frías e produtos básicos de alimentación, como o pan e o leite, amais doutros produtos de impulso"*, expresou o director de franquías EROSKI.

"Apréciase unha tendencia no sector, e é que as gasolinerías estanse a converter en estacións de 'servizos': non son soamente o lugar onde repoñer combustible, senón que lle ofrecen ao cliente todo o que poida necesitar ao volver á casa, na súa viaxe. Tanto AVIA como EROSKI souberon darlles aos clientes este servizo, e a pandemia acelerou este proceso", sinalou o Director de Negocio de Estacións de Servizo de AVIA.

Sobre AVIA

AVIA é un dos principais operadores petrolíferos a nivel nacional, con case 200 estacións de servizo e unha rede de 35 almacéns de distribución de gasóleo para subministración ao consumidor final de gasóleo para uso agrícola, automoción, industrial e calefacción, cubrindo practicamente toda a xeografía. Ademais, AVIA comercializa tamén lubricantes para automoción e industria e outras enerxías como biomasa e biocombustibles (GLP e GNV). AVIA non é só protagonista no mercado español; tamén é unha marca presente en Europa dende hai máis de 80 anos, onde existen máis de 3.000 estacións de servizo abandeiradas en 14 países, ligadas todas elas a operadores independentes.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado *online*. Conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas, traballadores e franquitados. As franquías de EROSKI contan con máis de 40 anos de experiencia e con máis de 540 supermercados franquitados,

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



cunha previsión de máis de 70 novas aperturas para este ano 2021, entre supermercados en estacións de servizo e outras situacións urbanas e turísticas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)